

NÚMERO DE GRUPO	FUNCIONES	Apellidos, Nome
	Coordinador/a:	
	Responsable Limpeza:	
	Responsable Documentación:	


ESCENARIO:

Portátil:  
Intranet  
RAM ≤ 2048MB    CPU ≤ 2    PAE/NX habilitado  
Rede: NAT  
BIOS: Permite arranque dispositivo extraible: CD/DVD, USB  
ISO: Kali Live amd64  
Servidor FTP (filezilla)

Hosts A, B, C:  
↳ Intranet  
↳ Máquina virtual

Máquinas virtuales Microsoft Windows:

↳ Host  
RAM ≤ 2048MB    CPU ≤ 2    PAE/NX habilitado  
Rede: NAT  
Disco duro: Windows amd64  
Cliente FTP (filezilla, ftp)



**LIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADE** O autor do presente documento declina calquera responsabilidade asociada ao uso incorrecto e/ou malicioso que puidese realizarse coa información exposta no mesmo. Por tanto, non se fai responsable en ningún caso, nin pode ser considerado legalmente responsable en ningún caso, das consecuencias que poidan derivarse da información contida nel ou que esté enlazada dende ou hacia el, incluíndo os posibles erros e información incorrecta existentes, información difamatoria, así como das consecuencias que se poidan derivar sobre a súa aplicación en sistemas de información reais e/ou virtuais. Este documento foi xerado para uso didáctico e debe ser empregado en contornas privadas e virtuais controladas co permiso correspondente do administrador desas contornas.

Material necesario	Práctica: Servizo FTP – FileZilla Server GNU/Linux Usuarios
<ul style="list-style-type: none"> <li>■ Portátil</li> <li>■ Regleta</li> <li>■ Switch 5-Port Gigabit</li> <li>■ USB Live amd64 Kali</li> <li>■ Hosts alumnado</li> <li>■ Cableado de rede</li> <li>■ [1] <a href="#">Debian Handbook – FTP</a></li> <li>■ [2] <a href="#">Debian Wiki – FTP</a></li> <li>■ [3] <a href="#">Cliente FTP - FileZilla</a></li> <li>■ Cliente FTP: <ul style="list-style-type: none"> <li>● [4] <a href="#">Comando ftp Unix</a></li> <li>● [5] <a href="#">Comando ftp Microsoft Windows</a></li> </ul> </li> <li>■ [6] <a href="#">Práctica 1</a></li> <li>■ [7] <a href="#">Servidor FTP – FileZilla</a></li> <li>■ [8] <a href="#">Práctica 31</a></li> </ul>	<ol style="list-style-type: none"> <li>(1) Prerrequisitos: <a href="#">Práctica 1</a> [6] e <a href="#">Práctica 31</a> [8]</li> <li>(2) Conectar portátil e hosts do alumnado ao switch.</li> <li>(3) Conectar o switch á roseta da aula.</li> <li>(4) Portátil: <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Arrancar co USB Live amd64 Kali.</li> <li>b) Revisar configuración de rede.</li> <li>c) Instalar e configurar o servidor FTP: FileZilla</li> </ol> </li> <li>(5) Hosts alumnado: <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Crear máquinas virtuais coa rede en modo “NAT” e especificacións según escenario.</li> <li>b) Arrancar máquina virtual.</li> <li>c) Comprobar conectividade co portátil.</li> <li>d) Solicitar conexións FTP ao servidor FTP FileZilla (4c) con distintos clientes FTP.</li> </ol> </li> </ol>

## Procedemento:

- (1) Conectar no mesmo segmento de rede o portátil e os hosts do alumnado.
  - (a) Conectar a regleta á corrente eléctrica na vosa zona de traballo.
  - (b) Conectar o switch á regleta.
  - (c) Conectar o portátil .
  - (d) Conectar co cableado de rede creado na [Práctica 1 \[6\]](#) os vosos equipos de alumnado ao switch..
  - (e) **Conectar o switch á roseta da aula.**

### (2) Portátil:

- (a) Arrancar co USB Live Kali amd64.

- (b) Comprobar que tedes acceso á rede local e a Internet. Abrir unha consola e executar:

```
$ setxkbmap es #Configurar teclado en español  
$ ip addr show eth0 #Amosar información sobre a NIC eth0. Verificar a configuración de rede para a NIC eth0  
$ ip route #Amosar a táboa de enrutamento.  
$ cat /etc/resolv.conf #Ver o contido do ficheiro /etc/resolv.conf, no cal configúranse os servidores DNS mediante a directiva nameserver.  
$ ping -c4 www.google.es #Enviar 4 paquetes ICMP ECHO_REQUEST a www.google.es, solicitando 4 paquetes ICMP ECHO_RESPONSE, para verificar a conectividade de rede hacia Internet e ao servidor de google.
```

Cubrir a seguinte táboa:

Host	IP	Máscara Subrede	Gateway	IP Servidores DNS (/etc/resolv.conf)
Portátil				

- (c) Avisar ao docente para a revisión.

- (d) Servidor ftp FileZilla [7]:

- I. Lanzar un navegador e acceder á URL de descarga. Executar na anterior consola:


```
$ firefox https://filezilla-project.org/download.php?type=server &
```

- II. Descargar a versión sen manual e gardar o arquivo comprimido (FileZilla\_Server\*.deb)

The screenshot shows the FileZilla download page. On the left, there's a sidebar with links like Home, FileZilla, FileZilla Server, Community, and General. The main content area has a heading 'Download FileZilla Server'. Below it, it says 'Please select your edition of FileZilla Server'. There are two options: 'FileZilla Server' and 'FileZilla Server with manual'. Under 'FileZilla Server', 'Standard FTP' and 'FTP over TLS' are listed with 'Yes'. Under 'FileZilla Server with manual', 'Let's Encrypt® integration' and 'Comprehensive PDF manual' are listed with 'Yes'. At the bottom, there are 'Download' and 'Buy' buttons. A note at the bottom states: 'Built for Debian 11.0 (Bullseye) 64bit edition. It is highly recommended to use the package management system of your distribution or to manually compile FileZilla if you are running a different flavour of Linux.'

### III. Instalar. Executar na anterior consola:

```
$ cd /home/kali/Downloads #Acceder ao cartafol de Descargas que empregar Firefox por defecto.
$ sudo dpkg -i FileZilla_Server_1.6.4_x86_64-linux-gnu.deb #Instalar o paquete deb correspondente a FileZilla Server, é decir instalar o servidor FTP FileZilla. Introducir como contrasinal para o administrador: abc123.
```



```
kali㉿kali:~/Downloads
File Actions Edit View Help
Jan 22 08:14:46 kali systemd[1]: Started A free open source FTP and FTPS Server..
Jan 22 08:14:46 kali filezilla-server[5777]: Setting up TLS for the FTP Server
Jan 22 08:14:46 kali filezilla-server[5777]: SHA1 certificate fingerprint: 4c:45:3e:fb:45:f9:e0:f8:2a:a3:42:7e:c2:fb:47:a1:8a:5d:15:1d
Jan 22 08:14:46 kali filezilla-server[5777]: SHA256 certificate fingerprint: 13:cd:4d:f9:8e:4f:3e:a4:cf:6c:f9:09:c1:6c:46:90:77:47:ba:60:4b:15:6d:78:9e:d1:c4:cd:92:75:84:9d
Jan 22 08:14:46 kali filezilla-server[5777]: Setting up TLS for the Administration Server
Jan 22 08:14:46 kali filezilla-server[5777]: SHA256 certificate fingerprint: 8f:ba:ca:0a:80:93:15:a0:99:b4:69:30:e8:bb:7e:69:3f:e6:8b:eb:56:14:d6:01:8f:17:aa:60:94:3f:a2:ae
Jan 22 08:14:46 kali filezilla-server[5777]: [FTP Server] Listening on 0.0.0.0:21 (tls_mode = 0).
Jan 22 08:14:46 kali filezilla-server[5777]: [FTP Server] Listening on :::21 (tls_mode = 0).
Jan 22 08:14:46 kali filezilla-server[5777]: [Administration Server] Listening on 127.0.0.1:14148 (tls_mode = 1).
Jan 22 08:14:46 kali filezilla-server[5777]: [Administration Server] Listening on ::1:14148 (tls_mode = 1).
Processing triggers for desktop-file-utils (0.26-1) ...
Processing triggers for mailcap (3.70+nmu1) ...

(kali㉿kali)-[~/Downloads]
```

Como vemos na anterior imaxe ao rematar a instalación amosa cifrado empregado, interfaces e portos TCP onde escoita o servidor (21), así como tamén portos TCP onde teremos unha interface para administrar o servidor (14148).

```
$ nc -vz 127.0.0.1 21 14148 #Mediante o comando nc(netcat) comprobar se os portos 21 e 14148 do servidor ftp FileZilla están en estado escoita(listen), esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar información máis detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de igual xeito fazer o escaneo ao/s porto/s solicitados. Os números 21 e 14148 son os porto TCP a escanear.
```

```
$ nc -vz IP_Portatil 21 14148 #Substituír IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Mediante o comando nc(netcat) comprobar se os portos 21 e 14148 do servidor ftp FileZilla están en estado escoita(listen), esperando conexións. A opción -v corresponde á opción verbose, o que permite amosar información máis detallada na saída do comando. A opción -z permite devolver PROMPT do sistema e de igual xeito fazer o escaneo ao/s porto/s solicitados. Os números 21 e 14148 son os porto TCP a escanear. Vemos que o porto TCP 14148 de administración non funciona na IP_Portatil (soamente funciona en localhost).
```

```
$ dpkg -L filezilla-server #Listar os ficheiros instalados polo paquete filezilla-server.
```

```
$ ps -ef | grep -i '[f]ilezilla-server' & #Buscar os procesos que cumplen co patrón a buscar: filezilla-server. A opción -i permite non distinguir maiúsculas e minúsculas no patrón a buscar. A fentre corchetes, [f], impide que na saída do comando saía tamén o propio comando grep de búsqueda.
```

```
$ ls /opt/filezilla-server/bin/ #Listar o contido do cartafol dos binarios que instalou o paquete de FileZilla Server.
```

```
$ ls /opt/filezilla-server/etc/ #Listar o contido do cartafol da configuración que instalou o paquete de FileZilla Server.
```

f) Avisar ao docente para revisión.  2

(3) Hosts alumnado:

(a) Crear unha máquina virtual en cada equipo do alumnado coas seguintes características (ver escenario):

- RAM ≤ 2048MB
- CPU ≤ 2
- PAE/NX habilitado
- Rede: Soamente unha tarxeta activada en modo NAT
- Sistema operativo instalado: Windows amd64
- Nome: Practica32-Cliente-FTP

(b) Arrancar a máquina virtual.

(c) Cliente ftp FileZilla [3]:

I. Lanzar un navegador, acceder á URL de descarga:

<https://filezilla-project.org/download.php?type=client>

II. Escolher a opción Filezilla:

The screenshot shows the 'Download FileZilla Client for' section on the left and the 'Please select your edition of FileZilla Client' table on the right.

**Download FileZilla Client for**  
The latest stable version of FileZilla Client is 3.6.0.1  
Please select the file appropriate for your platform:

Windows (64bit x86)


This installer may include bundled offers. Click here for details.  
The 64bit versions of Windows 8.1, 10 and 11 are supported.

More download options  
Other platforms:   
Not what you are looking for?  
Show additional download options

**Please select your edition of FileZilla Client**

	FileZilla	FileZilla with manual	FileZilla Pro	FileZilla Pro + CLI
Standard FTP	Yes	Yes	Yes	Yes
FTP over TLS	Yes	Yes	Yes	Yes
SFTP	Yes	Yes	Yes	Yes
Comprehensive PDF manual	-	Yes	Yes	Yes
Amazon S3	-	-	Yes	Yes
Backblaze B2	-	-	Yes	Yes
Dropbox	-	-	Yes	Yes
Microsoft OneDrive	-	-	Yes	Yes
Google Drive	-	-	Yes	Yes
Google Cloud Storage	-	-	Yes	Yes
Microsoft Azure Blob + File Storage	-	-	Yes	Yes
WebDAV	-	-	Yes	Yes
OpenStack Swift	-	-	Yes	Yes
Box	-	-	Yes	Yes
Site Manager synchronization	-	-	Yes	Yes
Command-line interface	-	-	-	Yes
Batch transfers	-	-	-	Yes

### III. Descargar e gardar o arquivo executable para a instalación (FileZilla\*.exe)



### IV. Instalar: Premer no executable e seguir o seguinte procedemento descrito:

**Control de cuentas de usuario**

¿Quieres permitir que esta aplicación haga cambios en el dispositivo?

**FileZilla FTP Client**

Editor comprobado: Tim Kosse  
Origen del archivo: Unidad de disco duro en este equipo

**Mostrar más detalles**

Para continuar, escribe el nombre de usuario y la contraseña de un administrador.

Administrador:  DESKTOP-7AHN8D3\Administrador

**Más opciones**

Sí No

**FileZilla Client 3.62.2 Setup**

**Optional Offer**

Please consider this optional offer.

**Install the latest Google Chrome Browser**

Safe, easy to use and free. Upgrade your internet experience.

- Faster, secure access to your favorite sites
- Instant website translation to your language
- Automated security for worry free protection
- Syncs tabs, bookmarks passwords between devices

Yes, install Google Chrome Browser and I accept the Google Chrome Terms of Use and Privacy Policy.

[Privacy Policy](#) [Terms of Use](#)

Accept  Decline

Nullsoft Install System v3.06.1

< Back Next > Cancel

**Choose Installation Options**

Who should this application be installed for?

Please select whether you wish to make this software available to all users or just yourself.

Anyone who uses this computer (all users)  Only for me (Administrador)

Installation for all users requires Administrator privileges.

< Back Next > Cancel

**FileZilla Client 3.62.2 Setup**

**Choose Components**

Choose which features of FileZilla Client 3.62.2 you want to install.

Select components to install:

<input checked="" type="checkbox"/> FileZilla Client	Description
<input checked="" type="checkbox"/> Icon sets	Position your mouse over a component to see its description.
<input checked="" type="checkbox"/> Language files	
<input checked="" type="checkbox"/> Shell Extension	
<input checked="" type="checkbox"/> Desktop Icon	

Space required: 41.3 MB

Nullsoft Install System v3.06.1

< Back Next > Cancel

**FileZilla Client 3.62.2 Setup**

**Choose Install Location**

Choose the folder in which to install FileZilla Client 3.62.2.

Setup will install FileZilla Client 3.62.2 in the following folder. To install in a different folder, click Browse and select another folder. Click Next to continue.



Destination Folder: C:\Program Files\FileZilla FTP Client

Browse...

Space required: 41.3 MB  
Space available: 24.9 GB

Nullsoft Install System v3.06.1

< Back Next > Cancel



## V. Usuario anónimo FTP. Acceder ao servidor FTP FileZilla do portátil:

- a) Cubrir os campos como segue:


Servidor: **IP\_Portatil** → Substituir **IP\_Portatil** polo seu valor (ver táboa apartado 2b)

Nombre de usuario: **anonymous**


Contraseña: **1234**

Puerto: **21**


- b) Premer no botón Conexión rápida



c) Confiar no certificado:



d) Non é posible acceder de forma anónima:



(d) Cliente ftp: Comando ftp. Executar nunha consola de comandos:

I. Acceder ao servidor FTP FileZilla do portátil:

```
> ftp IP_Portatil #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Para establecer a conexión é necesario introducir unhas credenciais, neste caso imos acceder de forma anónima: usuario anonymous, contrasinal 1234
ftp> quit #Pechar a conexión ftp establecida.
> ftp -A IP_Portatil #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). A opción -A intenta o acceso de forma anónima.
ftp> quit #Pechar a conexión ftp establecida.
```


Como podemos observar na saída dos comandos anteriores non é posible acceder de forma anónima.

(e) Avisar ao docente para revisión.  3


#### (4) Portátil: Configurar usuarios para conexión FTP no FileZilla Server GNU/Linux

##### (a) Abrir unha consola e executar:

```
$ setxkbmap es #Configurar teclado en español  
$ cd /opt/filezilla-server/bin ##Acceder áo cartafol onde se atopan os binarios de FileZilla Server.  
$ ./filezilla-server-gui & #Executar a interface de administración do Filezilla Server en segundo plano.
```




##### (b) Cubrir os campos como segue:




Host: **localhost**  
Port: **14148**  
Contraseña: **abc123.**


##### (c) Confirmar o fingerprint do servidor para confiar no seu certificado:




(d) Panel de administración do FileZilla Server:



(e) Configurar:



(f) Interface panel administración: Zona configuración



(g) Users: Usuarios do sistema operativo

The screenshot shows the 'Rights management / Users' configuration screen for a server. The left sidebar has 'Users' selected under 'Rights management'. The main panel shows a table with one row labeled '<system user>'. A warning dialog box is overlaid on the screen, titled 'Warning: Setting Up Native Paths'. It contains the text: 'Pay attention while setting up native paths. Make sure they exist or select the appropriate checkbox to have the server create them for you.' Below this is a link 'For further information, consult the manual.' and a checkbox 'Don't show this message again.' At the bottom right of the dialog are 'OK' and 'Cancel' buttons.

(h) Activar os usuarios do sistema para que poidan acceder ao servidor FTP: Aplicar e OK.

The screenshot shows the 'Rights management / Users' configuration screen for a server. The left sidebar has 'Users' selected under 'Rights management'. The main panel shows a table with one row labeled '<system user>'. In the 'General' tab, the checkbox 'User is enabled' is checked. Under 'Authentication', the dropdown is set to 'Use system credentials to log in'. The 'Member of groups:' section is empty. In the 'Mount points:' section, there is one entry: Virtual path '/' and Native path ':h'. Under 'Mount options', the 'Access mode:' dropdown is set to 'Read + Write', and the checkboxes 'Apply permissions to subdirectories' and 'Writable directory structure' are checked, while 'Create native directory if it does not exist' is unchecked. At the bottom are 'Add', 'Remove', 'Duplicate', 'Rename', 'Description:', and 'OK' buttons. The 'OK' button is highlighted with a checkmark.

## (5) Hosts alumnado:

(a) Cliente ftp FileZilla [3]: Acceder ao servidor FTP FileZilla do portátil:

a) Cubrir os campos como segue:


Servidor: **IP\_Portatil** → Substituir IP\_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b)

Nombre de usuario: **kali**

Contraseña: **kali**

Puerto: **21**

b) Premer no botón Conexión rápida






c) FileZilla: O panel esquierdo corresponde ao equipo local (cliente) e o panel derecho corresponde ao servidor ftp conectado:

A) No panel esquierdo aparece o directorio local *Downloads*

B) No panel derecho aparece o directorio *\$HOME* do usuario conectado, neste caso: /home/kali

C) Acceder e crear un directorio co nome *dendeocliente* e acceder a el dende a propia interface do cliente FileZilla:





(b) Cliente ftp: Comando ftp. Executar nunha consola de comandos:

I. Acceder ao servidor FTP FileZilla do portátil:

> ftp IP\_Portatil #Substituir IP\_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Para establecer a conexión é necesario introducir unhas credenciais, neste caso imos acceder cun usuario do sistema: usuario kali, contrasinal kali

```
C:\ Símbolo del sistema - ftp 192.168.120.100

C:\Users\usuario>ftp 192.168.120.100
Conectado a 192.168.120.100.
220-FileZilla Server 1.6.4
220 Please visit https://filezilla-project.org/
202 UTF8 mode is always enabled. No need to send this command
Usuario (192.168.120.100:(none)): kali
331 Please, specify the password.
Contraseña:
230 Login successful.
ftp>
```

```

ftp> help #Listar os comandos cos que podemos traballar na conexión ftp establecida.
ftp> ? put #Amosar axuda sobre o comando ftp: put
ftp> ls #Listar o contido do servidor ftp, é dicir, listar o cartafol ao que se accede no servidor
remoto mediante ftp, neste caso: /home/kali
ftp> cd Documents/dendeocliente #Acceder ao directorio xerado no apartado anterior co cliente
FileZilla Server: dendeocliente
ftp> pwd #Indicar a ruta actual de traballo, neste caso estaremos dentro do cartafol dendeocliente.
ftp> ! #Sair temporalmente sen perder a conexión FTP establecida á liña de comandos de Microsoft
Windows. Para voltar á liña de comandos FTP executar o comando exit na liña de comandos de Microsoft
Windows.
> echo xerarFicheiro > Documents\fich1.txt #Xerar un novo ficheiro fich1.txt dentro do cartafol
Documents.
> exit #Sair da liña de comandos Microsoft Windows para voltar á liña de comandos FTP da conexión
establecida.
ftp> lcd #Indicar o directorio actual de traballo da máquina local Microsoft Windows
ftp> lcd Documents #Acceder ao cartafol Documents da maáquia local Microsoft Windows
ftp> put fich1.txt #Conseguir subir desde a máquina local Microsoft Windows ao servidor FTP o
ficheiro fich1.txt
ftp> ls #Listar o contido do servidor ftp, é dicir, listar o cartafol do servidor remoto no cal
estamos a traballar, neste caso: /home/kali/Documents/dendeocliente
ftp> quit #Pesar a conexión ftp establecida.

```


(6) Avisar ao docente para revisión.  4

## (7) Portátil: Configurar usuarios para conexión FTP no FileZilla Server GNU/Linux



(a) Crear o directorio no sistema operativo onde o usuario virtual accederá mediante conexión FTP:

```
$ sudo mkdir /home/ana #Crear o directorio /home/ana para que o usuario virtual ana poida
acceder a unha ruta do sistema operativo mediante conexión FTP. É necesario empregar o comando sudo
debido aos permisos do cartafol /home
```

(b) GUI Administración FileZilla Server → Users: Acceder



(c) **Usuarios virtuais:** Crear o usuario virtual ana para que poida acceder ao servidor FTP: Add



```

Usuario virtual: ana
Password ana   : 123456
Virtual path   : /home/ana
Native path    : /home/ana
Access mode    : Read+Write
                  : Apply permissions to subdirectories
                  : Writable directory structure
                  : Create native directory if it does not exist

```

Apply → OK

Aplicamos e aceptamos a configuración indicada enriba, co cal xeramos un usuario virtual **ana**, é decir un usuario que non existe no sistema operativo pero do que xa tiñamos xerado o cartafol dentro do que configuramos como o seu **\$HOME** para a conexión FTP: /home/ana, e otorgámoslle permisos de lectura e escritura dentro deste cartafol.

## (8) Hosts alumnado:

### (a) Cliente ftp FileZilla [3]: Acceder ao servidor FTP FileZilla do portátil:

a) Cubrir os campos como segue:


Servidor: **IP\_Portatil** → **Substituir IP\_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b)**

Nombre de usuario: **ana**

Contraseña: **123456**

Puerto: **21**


b) Premer no botón **Conexión rápida** e se é o caso Aceptar o certificado do servidor:



c) FileZilla: O panel esquierdo corresponde ao equipo local (cliente) e o panel derecho corresponde ao servidor ftp conectado:

A) No panel esquierdo aparece o directorio local *Downloads*

B) No panel derecho aparece o directorio *\$HOME* do usuario conectado, neste caso: /home/ana



(b) Cliente ftp: Comando ftp. Executar nunha consola de comandos:

I. Acceder ao servidor FTP FileZilla do portátil:

```
> ftp IP_Portatil #Substituir IP_Portatil polo seu valor (ver táboa apartado 2b). Para establecer a conexión é necesario introducir unhas credenciais, neste caso imos acceder cun usuario do sistemas: usuario kali, contrasinal kali
```

```
C:\Users\usuario>ftp 192.168.120.100
Conectado a 192.168.120.100.
220-FileZilla Server 1.6.4
220 Please visit https://filezilla-project.org/
202 UTF8 mode is always enabled. No need to send this command
Usuario (192.168.120.100:(none)): ana
331 Please, specify the password.
Contraseña:
230 Login successful.
ftp> pwd
257 "/" is current directory.
ftp> dir
200 PORT command successful.
150 Starting data transfer.
dr-xr-xr-x 1 ftp ftp 0 Jan 22 21:11 home
226 Operation successful
ftp: 59 bytes recibidos en 0.00segundos 59000.00a KB/s.
ftp> cd /home/ana
250 CWD command successful
ftp> dir
200 PORT command successful.
150 Starting data transfer.
226 Operation successful
ftp>
```

ftp> quit #Pechar a conexión ftp establecida.

(9) Avisar ao docente para revisión.  5

(10) Razoa e contesta brevemente:

- (a) Realizar de novo a conexión do apartado 3.c.V, é dicir, unha vez configurada e permitida a conexión mediante usuarios do sistema do servidor (punto 4) e posible realizar a conexión cun usuario anónimo? Que acontece? Por que?
- (b) Cando se accede por FTP no punto 4 co usuario do sistema `kali`, é posible acceder a calquera cartafol do sistema operativo? Pódese acceder a calquera cartafol fóra da casa do usuario `/home/kali` ou o usuario `kali` está obrigado a traballar por FTP soamente no seu propio cartafol `/home/kali`? Isto, é seguro? Pódese xerar cando se accede por FTP un directorio de nome `dir-kali`? Se se pode indica os permisos de sistema ugo e os que aparecen na conexión ftp.
- (c) Cando se accede por FTP no punto 7 co usuario virtual, non existente no sistema operativo, `ana`, é posible acceder a calquera cartafol do sistema operativo? Pódese acceder a calquera cartafol fóra da casa do usuario `/home/ana` ou o usuario `ana` está obrigado a traballar por FTP soamente no seu propio cartafol `/home/ana`? Isto, é seguro? Pódese xerar cando se accede por FTP un directorio de nome `dir-ana`? Se se pode indica os permisos de sistema ugo e os que aparecen na conexión ftp.

- (d) Crea un novo usuario virtual FTP no FileZilla Server coas seguintes características:

```
Usuario virtual: brais
Password brais : 654321
Virtual path   : /home/brais
Native path    : /home/kali
Access mode    : Read+Write
                  : Apply permissions to subdirectories
                  : Writable directory structure
                  : Create native directory if it does not exist
Apply → OK
```

Accede por FTP con este usuario virtual ao seu cartafol `/home/brais`. Que acontece? Por que? Pódese xerar cando se accede por FTP un directorio de nome `dir-brais`? Se se pode indica os permisos de sistema ugo e os que aparecen na conexión ftp.

(e) Modificar o usuario virtual `ana`, tal que:

No panel de administración do servidor, configurar:

`Virtual path : /`

No terminal do sistema operativo, executar:

`$ sudo chown -R ftp /home/ana`

Accede de novo por FTP con este usuario virtual ao seu cartafol `/home/ana`. Que acontece? Por que? Pódese xerar cando se accede por FTP un directorio de nome `dir2-ana`? Se se pode indica os permisos de sistema ugo e os que aparecen na conexión ftp.

(f) Modificar o usuario virtual `brais`, tal que:

No panel de administración do servidor, configurar:

`Virtual path : /`

No terminal do sistema operativo, executar:

`$ sudo chgrp -R ftp /home/kali`

Accede de novo por FTP con este usuario virtual. Que acontece? Por que? Pódese xerar cando se accede por FTP un directorio de nome `dir2-brais`? Se se pode indica os permisos de sistema ugo e os que aparecen na conexión ftp.

(g) Agora modifica de novo o usuario virtual `brais`, tal que:

No terminal do sistema operativo, executar:

`$ sudo find /home/kali -type f -exec chmod 664 {} \;`

`$ sudo find /home/kali -type d -exec chmod 775 {} \;`

Accede de novo por FTP con este usuario virtual. Pódese xerar un directorio de nome `dir3-brais`? Se se pode indica os permisos de sistema ugo e os que aparecen na conexión ftp.

(h) Avisar ao docente para a entrega e revisión da práctica.  <sub>6</sub>

## Revisión:

<sup>1</sup>    <sup>2</sup>    <sup>3</sup>    <sup>4</sup>    <sup>5</sup>    <sup>6</sup>